

1.9 CONSELLO ESCOLAR DO ESTADO

CONSELLO ESCOLAR DO ESTADO

I. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. A atención á diversidade nos centros docentes constitúe un dos eixes onde se fundamenta a calidade do sistema educativo. A individualidade de cada un dos alumnos presentes nas aulas require unha resposta adaptada ás súas necesidades. Na medida en que o sistema educativo logre atender tales necesidades cunha asistencia personalizada e adaptada ás características de cada alumno, poderemos valorar de xeito favorable a bondade do sistema e a calidade da educación impartida.
2. A comprensibilidade que caracteriza o ensino obrigatorio en España debe vir acompañada dunha necesaria atención á diversidade, xa que do contrario o sistema educativo dificilmente podería acadar os obxectivos que del se esperan, tanto desde o punto de vista persoal como desde o social.
3. A atención á diversidade nas aulas debe constituír un elemento habitual e de normalización nas relacións educativas e persoais nos centros docentes. Debe, por conseguinte, evitarse de forma moi especial que a aplicación de medidas de atención á diversidade se convirta en vías encubertas de discriminación para aqueles alumnos destinatarios delas.
4. Os programas de reforzo, os desdobramentos de grupos, as adaptacións curriculares, a actuación do profesorado de apoio ou calquera outra medida de atención á diversidade que poida adoptarse nos centros docentes, deben contar cos medios específicos para que o alumno vexa potenciadas as súas posibilidades persoais, dentro dun marco de normalización educativa.
5. A atención á diversidade supón unha esixencia requirida ó sistema educativo. Por iso, non cabe que a dita atención se leve a cabo unicamente en determinados centros docentes, con prexuízo daqueles alumnos que asistan a centros onde non se desenvolven medidas destas características. As administracións educativas competentes deben garantir que a mencionada atención á diversidade se desenvolva en tódolos centros sostidos con fondos públicos.

6. Como derivación do anterior, os centros docentes sostidos con fondos públicos non poden selecciona-lo alumnado rexeitando a matrícula no centro de alumnos con determinadas características.
7. Unha axeitada atención á diversidade supón necesariamente que as administracións educativas destinen maiores partidas orzamentarias a esta finalidade. Os programas desenvolvidos na materia dificilmente poderán acadar os seus obxectivos se a pretendida integración de determinados alumnos con características específicas non vén acompañada da adopción de medidas complementarias personalizadas postas a servizo dos mesmos.
8. Xunto co aumento dos medios económicos, materiais e fundamentalmente humanos para lograr unha axeitada atención á diversidade, a potenciación da autonomía organizativa dos centros docentes e a axeitada formación do profesorado constitúen os eixes centrais sobre os que gravita toda acción destinada ós alumnos con necesidades educativas especiais, con independencia de que as mesmas deriven de problemas de carácter físico ou psíquico, alta capacidade ou marxinação social, cultural ou económica.
9. A atención á diversidade nas aulas e a necesaria integración educativa e social que dela se deriva supón non soamente a adecuada resposta do sistema educativo á individualidade do alumnado, senón un eficaz vehículo para potencia-lo respecto e a tolerancia entre os alumnos, tanto en relación cos afectados directamente polos programas específicos que se desenvolven, como respecto ó resto dos alumnos do centro; respecto e tolerancia que máis tarde terá tamén a súa directa aplicación práctica fóra do ámbito estrito do centro.
10. A atención á diversidade nos centros docentes debe lograr, ó termo da educación obrigatoria, que os resultados educativos obtidos polo alumno non dependan da orixe socio-económica ou cultural. Na medida en que a dita atención á diversidade conseguira facer chegar cada alumno ó máximo das súas potencialidades contribuíuse a facer posible o principio de igualdade recoñecido na nosa Constitución.

II. A ESCOLA INTERCULTURAL

1. As sociedades modernas caracterízanse, entre outros factores, polo seu carácter fortemente multicultural, acentuado pola extensión a tódolos niveis das novas tecnoloxías da información e os medios de comunicación. A existencia de distintas culturas, con valores, ideas, linguas e formas de vida diferentes, que conviven conxuntamente, introduce nas nosas sociedades novas situacións ás que os cidadáns lles deben dar resposta. O sistema educativo, como elemento fundamental na formación de cidadáns, ten que abordar a situación exposta, facendo posible o desenvolvemento harmónico das dife-

rentes culturas tanto na aula como na adopción e asimilación de actitudes e formas de vida, por parte do alumnado, que máis tarde se plasmen na vida social unha vez abandonada a escola.

2. O fenómeno da multiculturalidade social, por derivación educativa, está fortemente influído pola política de inmigración que se manteña a nivel xeral e polos seus compoñentes económicos e sociais. Imponse, por tanto, unha acción concertada das administracións públicas e dos seus diversos órganos á hora de abordar o problema, xa que enfocalo desde unha perspectiva exclusivamente educativa pode non produci-los froitos desexados.
3. Centrando o tema no ámbito educativo, a acción educativa de atención á multiculturalidade débese caracterizar por unha visión integradora das culturas, e evitar visións excluíntes ou monopolísticas delas, potenciando os elementos comúns existentes en todas elas.
4. Os programas desenvolvidos na materia deben incorporar os conceptos de tolerancia, respecto e integración. En caso ningún a dita integración debe ser entendida como unha asimilación cultural, senón como unha mestura necesaria que manteña e potencia os elementos propios de cada cultura e incorpore os elementos máis valiosos doutras visións culturais.
5. A “interculturalidade” no ámbito educativo convértese en eixo central que debe presidir a acción desenvolvida nos programas de integración, pasando dunha visión separada e estanca das diferentes culturas a unha crecente interrelación entre elas, que xunte os distintos elementos diferenciadores que estean presentes en cada caso.
6. Os programas de integración desenvolvidos nos centros docentes deben estar presentes en tódolos centros sostidos con fondos públicos, tanto públicos como privados, que así o precisen, sen que en suposto ningún a Administración deba consentir que determinados centros docentes eludan a obriga de atender convenientemente ó alumnado que polas súas características culturais, étnicas ou sociais así o requira.
7. Como derivación do anterior, a Administración debe protexer o dereito que asiste a todo alumno a ser escolarizado no centro que desexe, de conformidade coa normativa vixente, debéndose evitar que determinados centros docentes, de forma máis ou menos velada, seleccionen o alumnado que asista a eles.
8. O desenvolvemento axeitado dos programas de integración supón necesariamente que a Administración competente destine os fondos económicos suficientes para o seu desenvolvemento, dotándoos dun carácter institucional, que debe presidir a súa existencia. O entusiasmo e o voluntarismo do profesorado, aínda que necesario para o éxito dos programas, debe estar acompañado dos apoios institucionais e sociais e de fondos económicos necesarios para que poidan acadar tódalas súas posibilidades.

9. Á marxe do anterior, para que os programas de integración acaden os obxectivos que en cada caso estean marcados, faise necesaria unha axeitada formación do profesorado que deba levarlos a cabo, dada a singularidade e complexidade da materia. Por outra parte, os programas de integración atopan na autonomía dos centros docentes e na súa capacidade de autoorganización e adaptabilidade os elementos máis recomendables para que tales programas consigan os efectos buscados no alumnado.
10. Sería desexable estudia-la conveniencia de que no ámbito dos programas de integración na escola puideran entrar a prestar servicios outros profesionais, que aplicasen os coñecementos adquiridos na diplomatura en Educación Social, ou outros estudos afíns, xa que tendo en consideración a complexidade da materia e a necesidade dunha formación específica, o profesorado que presta os seus servicios nos centros docentes pódese ver en ocasións desbordado pola circunstancia. A urxente implantación dos departamentos de orientación nos centros educativos con esta problemática considérase imprescindible.
11. Naqueles centros onde se desenvolven programas de integración con minorías étnicas ou culturais específicas, sería desexable incorporar profesorado da mesma orixe cós alumnos destinatarios do programas, dado o importante factor de proximidade que iso suporía. A dita medida sería un importante paso no recoñecemento das culturas afectadas e favorecería a resposta do alumnado.
12. Considérase de especial importancia que as administracións educativas aproveiten a experiencia do profesorado que prestara servicios docentes en centros no exterior, xa que a súa presenza no desenvolvemento de programas de integración podería achegar importantes suxestións e puntos de vista suficientemente contrastados coa realidade.